

FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN

Florencio Manuel Delgado Gurriarán naceu o 27 de agosto de 1903 na aldea de Córghomo no Concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras.



Vilamartín de Valdeorras

Era fillo de Florencio Delgado e de M^a Consuelo Gurriarán e o menor de cinco irmáns.

Os seus primeiros anos pasounos na aldea de Córghomo ata que á idade de seis anos, o seu pai foi trasladado á Escola de Peritos Agrícolas de Ourense.



Ourense

Nesta cidade, Florencio Delgado estudou primaria durante catro anos.

Cando Florencio tiña dez anos, a súa familia trasladouse á cidade de Palencia e alí rematou os estudos de primaria e comezou a cursar o bacharelato.

A familia de Florencio Delgado mudouse de novo trasladándose á cidade de Valladolid, onde Florencio remata o bacharelato e cursa a carreira de Dereito.



Valladolid

En 1921, cando Florencio tiña 18 anos, morre a súa nai.




En Valladolid, Florencio comezou a súa formación política ao descubrir a principios dos anos 20 o xornal “A nosa Terra”, descubriendo que Galicia tiña bandeira e himno e tamén publicacións espalladoras das ideas galeguistas.

Con vintecinco anos, Florencio Delgado regresa a Valdeorras, onde traballa no Barco nun bufete de avogados. No Barco de Valdeorras, forma varias asociacións como “La Tertulia” e “Liceo Recreativo”, así como compañías de teatro e grupos de canto.



En 1933, cando Florencio tiña trinta anos, ingresa no Partido Galeguista acompañando a Otero Pedrayo e a Alexandre Bóveda nos seus mitíns pola comarca valdeorresa.

En 1934 Florencio Delgado publica o seu primeiro libro: “Bebedeira”. Neste libro aparecen poemas dedicados a súa terra, nos que fala da natureza, das vides e de todo o mundo que arrodea ao viño.



O comezo da Guerra Civil, o 18 de xullo de 1936, pillou a Florencio Delgado en Valdeorras e decide agocharse nas montañas. Coa axuda dun dos seus irmáns fuxe nun barco cara a cidade de Bordeos en Francia.



Bordeos (Francia)

A principios de 1938, Florencio Delgado incorpórase ao exército republicano en Barcelona, no que chega a ser tenente do Servizo de Información. Tamén entra na directiva do Partido Galeguista.



Buque "Ipanema"


Nos primeiros meses de 1939, cando a derrota republicana era inminente, foi o encargado de organizar a saída dos exiliados cara América e tamén organiza a súa fuxida cara o continente americano a bordo do buque “Ipanema”.

Despois dun mes de accidentada navegación, chegan ao porto de Veracruz en México.



Ao principio da súa estadía en México, Florencio Delgado



traballa no SERE (Servizo de Evacuación de Refuxiados Españóis), un organismo encargado de atender aos exiliados republicanos.



En México, Florencio Delgado ingresou na “Alianza Nazonal Galega”, e comezou unha intensa actividade cultural participando en revistas como “Saudades” ou “Vieiros”.

En 1944, casa en México con Celia Teixeira, filla de emigrantes galegos, coa que terá cinco fillos.

Ese mesmo ano participa na redacción, como representante do Partido Galeguista, dun pacto baixo o nome de “Galeuzca” que será asinado por representantes autonomistas galegos, vascos e cataláns que reclamaban a defensa das tres nacións e o restablecemento da República.




Participa como traductor no libro “Poesía inglesa e francesa vertida ao galego”, na que Florencio traduce trece autores franceses.

Outra iniciativa na que participa Florencio Delgado foi na fundación

do “Padroado da Cultura Galega en México” que edita a revista “Vieiros” e patrocina a emisión radiofónica “A hora de Galicia” que se manterá en antena durante case vinte anos.

Despois de trinta anos en México, Florencio Delgado volve a Galicia no verán de 1968. Nesta viaxe reúnese con vellos compañeiros, contacta coa Editorial Galaxia e participa na homenaxe á dona de Castelao.

Noutra visita a Galicia no ano 1981, Florencio Delgado é nomeado académico da Real Academia Galega nun acto celebrado no Casino do Barco de Valdeorras.



Florencio Delgado ingresando na Real Academia Galega

Florencio Delgado Gurriarán faleceu o 14 de maio de 1987 en Fair Oaks, California (Estados Unidos) despois dunha vida en grande parte dedicada a Galicia e á súa cultura.

Algunha das súas obras, ademais das anteriormente citadas, foron as seguintes:

- “Cancioneiro de loita galega”: Obra colectiva publicada en 1943 no exilio en




México na que Florencio Delgado participa con dezaseis poemas.

Nesta obra queríase homenaxear aos militantes galegos caídos en combate na Guerra Civil. Os poetas usaron pseudónimos, o de

Florencio era “Nadel”. En tres dos seus poemas denuncia o asasinato de Alexandre Bóveda, Segundo García e Antón Arias.

- “Galicia Infinda”: Obra publicada pola editorial Galaxia que conta con corenta e tres poemas de Florencio Delgado escritos ao longo de vinte anos. A obra ten cinco partes: Cantarena, Valdeorras, Castiñeiros, Varia e Poemas mexicanos, estes últimos escritos nunha mestura de galego e crioulo mexicano.





-“Cantarenas”: Conta con tres obras: “Bebedeira”, “Valdeorresas” e “Dionisias”, todas elas en verso. Tamén aparece un texto en prosa centrado nos viños de Valdeorras. Esta obra foi publicada por Edicións do Castro en 1981 e conta coas ilustracións de Xaima Prada.

- “O soño do guieiro”: Obra que recolle poesías de corte social e reivindicativo e nos que se homenaxea ao que fora o seu compañeiro de militancia no Partido Galeguista: Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Este libro foi publicado por Edicións do Castro en 1986 e está composto por catorce poemas con temática de loita e combate...desde a Guerra Civil ao exilio.

